




Na inauguración da Editorial Alvarellos en Lugo, en 1977, o fundador, Enrique Alvarellos Iglesias, deu un discurso que escoitou con atención o seu fillo, Henrique Alvarellos, actual director da firma

Contra a crise, máis lectura

No seu 32 aniversario Alvarellos Editora ampliará a súa moi premiada colección *A Lume Lento*, recompilará os traballos de Álvaro Cunqueiro en prensa e revistas, así como a figura de Mariano Tudela, e apostará forte polos ensaios. TEXTO DE HENRIQUE ALVARELLOS. FOTO CEDIDA POR ALVARELLOS EDITORA

SEICA EN TEMPOS DE CRISE as empresas culturais resistimos mellor. Non sei. O 2009 dirá. Nós, en calquera caso, temos preparado unha serie de novidades editoriais que agora o suplemento cultural deste *Xornal de Galicia* nos pide relatar, e que consideramos poden ser unha boa beberaxe para o noso espírito.

Viaxaremos pola gastronomía “secreta” de Galicia, volveremos ao rescate de Cunqueiro, recuperaremos a figura de Mariano Tudela, publicaremos a peculiar “crónica de nós” do poeta e xornalista Manuel Vidal Villaverde, e presentaremos a edición facsimilar do histórico ensaio de Alonso Montero *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*.

A GASTRONOMÍA SECRETA

Na colección *A Lume Lento*, na que viron a luz *45 recetas con ortigas* (dobre Premio Gourmand 2006) e *50 recetas*

con filloas (Premio Álvaro Cunqueiro 2008) aparecerán, este ano, dous tomos da *Guía secreta da gastronomía galega*. Os correspondentes a Ourense, a cargo do chef e profesor Martín Álvarez, e Lugo, realizado polo xornalista e gastrónomo Miguel Vila. Trátase de recoller e difundir, antes de que se perdan totalmente, todos eses costumes culinarios, curiosidades gastronómicas locais ou receitas esquecidas que forman parte da historia do noso pobo.

CUNQUEIRO E TUDELA

Álvaro Cunqueiro deixou escritos, e espallados en libros e publicacións periódicas, numerosos textos sobre a cidade de Lugo. A doutora en Filoloxía Galega Chus Nogueira prepara unha edición destes traballos que integrarán un novo tomo da Colección Rescate. 2009 tamén será o ano da recuperación dun

O POETA, NOVELISTA E XORNALISTA CORUÑÉS MARIANO TUDELA TERÁ ESTE ANO UNHA MERECEIDA RECOMPILACIÓN DA SÚA OBRA

escritor e xornalista esquecido e brillante, o coruñés Mariano Tudela (1925-2001). A súa filla Olivia Rodríguez ultima unha escolma de textos de seu pai que se acompañarán de material moi descoñecido e varios inéditos.

CREACIÓN E ENSAIOS

Este mes de xaneiro presentaremos a edición facsimilar dun dos libros fundacionais da sociolingüística galega, a *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* que Xesús Alonso Montero publicara orixinalmente en 1974. Agora o autor acompaña esta reedición cun novo e amplo estudo introdutorio. En colaboración co Consorcio de Santiago editamos *La vida musical en Santiago a finales del siglo XIX*, de María García Caballero, un tema e unha época moi pouco estudados ata hoxe. E no apartado da creación

destaca a persoal “crónica de nós” que desenvolverá Manuel Vidal Villaverde no seu libro *Galería de sombras* e, por último, a prosa poética que destila Xosé Manuel Lobato a medio camiño entre a denuncia social e a recreación na paisaxe. Estas son, en fin, as nosas receitas contra a crise. Alvarellos Editora cumpre 32 anos este mes de maio. Somos, por esta cronoloxía e teimuda resistencia, unha das editorías máis veteranas de Galicia. Agora estamos a piques de inaugurar sede en Santiago. Abriremos nunha nova rúa ao suroeste da cidade, unha rúa que semella ter sido bautizada para acoller nela unha empresa editorial. Chámase a Rúa de Sempre en Galiza, e nós “viviremos” nela, nunha praciña que dá para o número 4, e dende aquí, a partir do verán, compartiremos soños, lectura e optimismo. ●